

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO O DÍA 1 DE XUÑO DE 2010.-

<u>Sres. Asistentes.</u> <u>Sr. Alcalde.</u> D. Julio Ignacio Iglesias Redondo <u>Sres. Concelleiros:</u> Dª María Victoria Montenegro Paz. D. Francisco García Prego. Dª Ana María Fernández Coira. D. Jose Salvador Ferreiro Montenegro. D. José Manuel Cendán Fernández. D. Fernando Otero Prieto. Dª Josefina Martínez Martínez. D. Manuel Rodríguez Doval. Dª Belén Abeal Pérez. D. Luis Cendán Fernández. D. Francisco Echevarría Lage. <u>Non asiste con excusa:</u> Dª Mercedes Grande Regueiro. <u>Sr. Secretario.:</u> D. Manuel Larrosa Rodríguez.	No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Concello de Ares, sendo as once horas e cuarenta e cinco minutos do día un de xuño de dous mil dez, previa convocatoria e citación ó efecto, reúñese o Concello Pleno en sesión ordinaria e primeira convocatoria, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente D. Julio Ignacio Iglesias Redondo, con asistencia dos Sres. Concelleiros que ó marxe se relacionan, actúa como Secretario, o que o é desta Corporación D. Manuel Larrosa Rodríguez.
---	--

PUNTO NÚM. 1.- DAR CONTA DA SENTENCIA DO TSXG DE DATA 14-04-2010.-

Dase conta da Sentencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia de data 14-04-2010, na que se emite o seguinte FALLO:

"FALLAMOS: Que con desestimación del Recurso de Apelación interpuesto contra la sentencia de fecha 24 de noviembre de 2008, dictada por el Juzgado de lo Contencioso-Administrativo número 1 de los de Ferrol, en autos de Procedimiento Abreviado números 1217/2007, 1255/2007 1257/2007 y 1259/2007, acumulados, debemos **CONFIRMAR Y CONFIRMAMOS** la misma, con expresa imposición de costas a la recurrente.

Notifíquese a las partes y, en su momento, devuélvanse las actuaciones al Juzgado de procedencia, con certificación de esta resolución/'

Acto seguinte dase conta do informe do Sr. Secretario de data 24 de maio de 2010, do seguinte teor literal:

INFORME DE SECRETARIA:

**ASUNTO: Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia de 14-04-10, recaída
no recurso de apelación 296/2009.**

A realización do ordenanza pola Senteza é una esixencia da tutela xudicial, e, polo tanto, un dereito fundamental consagrado no artigo 24 da Constitución.

O Concello de Ares, como entidade local e por conseguinte como Administración pública que foi parte no proceso ven obrigada a cumplir o mandado no fallo de Sentenza que puxo fin ao mesmo. O Concello como autora do acto, foi parte demandada, e ven obrigada como tal parte procesal a cumplir os pronunciamentos do fallo, e a levar a sentencia segundo expresión do artigo 104 da Lei 29/1998 Reguladora da Xurisdiccción Contencioso-Administrativa- "**a puro e debido efecto**".

As sentencias, declarou una reiterada doutrina xurisprudencial, entrañan un ordenamento imperativo e trasciende de irrefragábel realización (Sentenzas de 27 de xaneiro de 1915 e 8 de xaneiro de 1935). Pois o respeto debido ás resolución xudiciais no Estado de Dereito "impon como única fórmula admisible a de acatar cumprindo" (Sentencia de 21 de maio de 1960).

A firmeza constitúe un presuposto da comunicación ao órgano competente para a levar a afeito. A Administración pública deberá levar a puro e debido efecto e practicar o que esixa o cumprimento das declaración contidas no fallo. O fallo da Sentencia, pois, é o que delimita o ámbito e contido da actividade de execución, e a tal afeito o órgano competente, deberá proceder á execución adoptando cantas medidas e providencias se requiran, establecendo o artigo 104 da Lei 29/1998, de 13 de xullo que o órgano a quen corresponda acusará recibo da sentencia no prazo de dez días e deberá levar a puro e debido efecto o fallo no prazo de dous meses o fixado na sentencia para o cumprimento conforme ao artigo 711 c) da citada Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdiccción Contencioso-Administrativa.

O T.S.X.G. desestima o Recurso de Apelación interposto contra a Sentenza de data 24 de novembro de 2008 dictada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo número 1 dos de Ferrol, en autos de Procedimento Abreviado números 1217/2007, 1255/2007, 1257/2007 e 1259/2007 acumulados.

Na súa virtude, vista a Sentenza de 24-11-2008 do Xulgado Contencioso-Administrativo pola cal se anula a resolución da Alcaldía de 12 de setembro de 2007, os recurrentes recobran a situación estatutaria (Maria Ana López Fernández, María Concepción Dragó Porta, Benito José Calvo Castro, Alfonso Pórtela Martínez e José Luis Castro Feijoó), sendo necesario modificar o cadre de persoal, que nos termos do

art. 126.3 do R.D.L. 781/1986, do 18 de abril, a modificación das plantillas durante a vixencia do Orzamento requerirá o cumprimento dos trámites establecidos para a modificación de aquél, é dicir, aprobación inicial polo Pleno do Concello, información pública no BOP polo prazo de 15 días. Se non hai reclamacións-allegacións entenderase automáticamente aprobado (art. 169 R.D.L. 2/2004).

Nos termos do art. 173 do R.D.L. 781/1986, do 18 de abril as obrigas de pago soamente serán exisibles da facenda local cando resulten da execución dos seus respectivos orzamentos, eos límites sinalados no art. 172 do R.D.L. 2/2004, ou de sentenza xudicial firme. Así a Autoridade administrativa encargada da execución acordará o pago na forma e eos límites do respectivo orzamento. Si para o pago fose necesario un crédito extraordinario ou un suplemento de crédito, deberá solicitarse do Pleno un ou outro dentro dos tres meses seguintes ao da notificación da resolución xudicial.

Finalmente significar que nos termos do art. 110 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso- Administrativa en materia tributaria e de persoal ao servizo da Administración P'bulica, os efectos dunha Sentenza firme que houbera reconecido una situación xurídica individualizada a favor dunha ou varias persoas poderá extenderse a outras, en execución da sentenza, cando concurran as seguintes circunstancia:

- Que os interesados se encontran en idéntica situación xurídica que os favorecidos polo fallo.
- Que o xuíz ou tribunal sentenciador fora tamén competente, por razón do territorio, para coñecer das dúas pretensiós de recoñecemento de dita situación individualizada.
- Que soliciten a extensión dos efectos da sentenza no prazo dun ano desde a última notificación de esta a quenes foron parte no proceso.

A solicitude deberá dirixirse directamente ao órgano xurisdiccional competente que houbera dictado a resolución da que se pretende que se extanden os efectos. A petición ao órgano xurisdiccional formularase en escrito razoado ao que deberá acompañar o documento ou documentos que acrediten a identidade de situación ou a non concurrencia dalgunha das circunstancias do apartado 52 do devandito artigo 110 da Lei 29/1998.

Antes de resolver, nos 20 días seguintes, o xuíz ou tribunal da execución recabará da Administración os antecedentes que estime oportunos e, en todo caso, un informe detallado sobre a viabilidade da extensión solicitada, poniendo de manifestó o resultado desas actuacións ás partes para que aleguen por prazo común de tres días, con emprazamento, no seu caso, dos interesados directamente afectados polos efectos da extensión. Unha vez evacuado o trámite. Resolverá sen más por medio de auto, no que non se pdoerá recoñercese una situación xurídica distinta na sentenza firme da que e trate.

Na dita situación encontránse D§ María Isabel Margharetto Rodríguez e Dna. Caridade Isabel Nieto Taramona."

Toma a palabra o voceiro de NAL Sr. Luis Cendán Fernández, manifestando como queda a situación a partir de agora.

Sr. Secretario respostas que como di no seu informe, que como consecuencia da Sentenza, se anula a resolución, de 12 de setembro de 2007, agora o paso é modificar a plantilla de persoal, dotar as prazas orzamentariamente, aprobación inicial polo Pleno, exposición ó público por espacio de 15 días, e se non hai alegacións queda aprobada con carácter definitivo.

O Sr. Luis Cendán Fernández, pregunta se teñen algún dereito económico.

Resposta o Sr. Secretario que non se lles privou a ninguen de traballar, que estiveron todos traballando polo que non hai ningún dereito económico.

O Sr. Alcalde-Presidente, di que aquí se publican unhas bases e por parte dun grupo municipal se estima que non son correctas, e cando se fan as probas en atención o resultado, un grupo municipal impugna, hai Xurisprudencia de que momentos procesais para a impugnación son cando se publican as bases, ou cando se celebran as probas loxicamente tamén se poden impugnar as bases.

Interven o Sr. Rodríguez Doval, quen manifesta que debería facerse un documento no que se concreto cal é o procedemento para o cumprimento legal agora desta Sentenza, e fundamentalmente o tema das repercusións económicas, todo apunta a que as vai haber, e dicir que a Setenza é moi clara, e sobre todo fixa con moita claridade e que non se fixo, e o que non se fixo foi tomar un acordo Plenario o día 4 de abril de 2007, que houbera evitado todo o problema que se creou con posterioridade, aquí cada un é responsable dos seus actos, dos que fai e dos que non fai, doulle lectura, o día 5 de marzo a Sra. Montenegro Paz e outros da Corporación solicitan a convocatoria dun pleno extraordinario integrando na Orde do Día a paralización cautelar, revisión no seu caso do proceso de convocatoria oferta pública para persoal funcionario do ano 2006, eso non o digo eu, o dice o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, se este acordo se houbera adoptado con maioría que a había, outro gallo cantaría, todos sabemos o que pasou, pasou o que pasou e vostede o sabe, dubido que áinda que non estaba aquí non se enterara.

Toma a palabra o Sr. José Manuel Cendán Fernández, manifestando que el no quere reabrir este debate, que ía a facer as mesmas preguntas, cal ía a ser a repercusión económica e a situación destes traballadores, pero bueno, parece ser que aquí as cousas se fixeron mal, e unha más, áinda que tarde ben a darnos a razón de que as cousas se facían ben e axustadas a dereito, quero dicir que estou comenzou no ano 2005, se asinou un convenio coa parte Social, a UXT, que mentres houbera partida presupostaria e a partida o poidera manter, ir funcionarizando a todo o persoal que traballara na Casa e esa foi a situación, levamos a efecto esa funcionarización que nos queríamos seguir levando se sigueramos gobernando, creo que non tivemos ningún apuro porque as bases, foron presentadas e se lle fixeron alegacións e se fixo unha corrección de errores no Boletín Oficial da Provincia, creo que a situación aquí de xente que levaba 15 anos traballando non era equitativa con outra xente e mais na mesma casa, non era equiparable no traballo, nin no salario nin na responsabilidade, e todas estas inxusticias e diferencias que hai entre o persoal laboral da mesma casa, hai que corrixilo, e esto ven a dar a razón de que todas as Sentenzas que veñen aquí da miña etapa veñen ganadas, non é como agora que se perden todas, posteriormente vamos a falar doutra. Eu creo que o Partido Socialista naquel momento quixo presentar un recurso estaba no seu dereito, pero a razón está en que as cousas se facían ben, e o que se buscaba era que a situación de igualdade entre todos os traballadores da casa, dicir, que o P.P. tiña maioría absoluta, e aproveitarse da situación do que pasou no grupo do P.P. ou no grupo do Partido Socialista, que erá o que se refería o portavoz do BNG de que había un Concelleiro que non asistiu ó Pleno, eso é puntual e anecdótico e o que hai que ver e que desde o 2005 non había ningunha cousa que esconder, e cousa se foi facendo pola legalidade, nos o que queremos e que se equipare todo o mundo e que traballando na mesma casa, coas mesmas funcións e coa mesma responsabilidade que todo o mundo sexa igual, esa é a condición que nos defendimos e vamos a seguir defendendo. A min esto me satisface de que estas cousas salgan positivas, e a situación é a que é e as cousas se viñan facendo ben.

Finalmente o Sr. Alcalde manifesta que si cada Alcalde cando se vai fai funcionario ó seu persoal de confianza pois vaia chiste, e os vecinos de Ares pagando estas cousas.

O Sr. Manuel Cendán, di que a diferencia entre vostede e eu, está en que eu gañaba todos os xuizos e vostede os perde todos.

Resposta o Sr. Alcalde, que a diferencia está en que neste momentos eu son o Alcalde e vostede non, e a diferencia esta en que cando vostede se foi fixo funcionario ó seu persoal de confianza e eso non debe pasar mais, Concepción era persoal de confianza e agora é funcionaria.

O Concello Pleno acorda darse por enterado.

PUNTO NÚM. 2.- DAR CONTA DA SENTENCIA DO TSXG DE DATA 21-01-2010.-

Dada conta da Sentencia do TSXG de data 21-01-2010, procedimento Ordinario 4162/2008, na que se dicta o seguinte FALLO:

“FALLAMOS: Desestimamos el recurso contencioso-administrativo interpuesto por el Ayuntamiento de Ares contra la Resolución de 26-11-07 de la Consellería de Innovación e Industria que desestimó el requerimiento que formuló para que se dejase sin efecto su Resolución de 10-09-07 sobre reintegro de una subvención de 24.094,67 euros, concedida el 30-10-02 al amparo de la Orden de 13-06-02. No se hace imposición de costas.

Esta Sentencia no es susceptible de recurso ordinario de casación del artículo 86 de la L.J.C.A. de 1998.”

Seguidamente dase conta do informe do Sr. Secretario, de data 27 de maio de 2010, do seguinte teor literal:

INFORME DE SECRETARIA:

“ASUNTO: Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia de 21-01-10 recaída no Procedemento Ordinario Núm. 4162/2008”.

A realización do ordenado pola Sentenza é unha esixencia da tutela xudicial, e, polo tanto, un dereito fundamental consagrado no artigo 24 da Constitución.

O Concello de Ares, como entidade local e por conseguinte como Administración pública que foi parte no proceso ven obrigada a cumplir o mandado no fallo da Sentenza que puxo fin ao mesmo. O Concello como autora do acto, foi parte demandada, e ven obrigada como tal parte procesal a cumplir os pronunciamentos do fallo, e a levar a sentencia -segundo expresión do artigo 104 da Lei 29/1998, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa “**a puro e debido efecto**”.

As sentencias, declarou unha reiterada doutrina xurisprudencial, entrañan un ordenamento imperativo e trasnscendente de irrefragábel realización (Sentenzas de 27 de xaneiro de 1915 e 8 de xaneiro de 1935). Pois o respecto debido ás resolución xudiciais no Estado de Dereito “impón como única fórmula admisible a de actar cumprindo” (Sentencia de 21 de maio de 1960).

A firmeza constitúa un presuposto da comunicación ao órgano competente para levar a efecto. A Administración pública deberá levar a puro e debido efecto e practicar o que esixa o cumplimento das delcaracións contidas no fallo. O fallo da sentencia, pis, é o que delimita o ámbito e contido da actividade de execucion, e a tal efecto o órgano competente, deberá procedar á execución adoptando cantas medidas

e providencias se requirán, establecendo o artigo 104 da Lei 29/1998, de 13 de xullo que o órgano a quen corresponda acusará recibo da sentencia no prazo de dez días e deberá levar a purto e debido efecto o fallo no prazo de dous meses o fixado na sentencia para o cumprimento conforme ao artigo 71 1 c) da citada Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

O T.S.X.G. desestima o Recurso Contencioso-Administrativo interposto por este Concello contra a Resolución do 26-11-07 da Consellería de Innovación e Industria.

Na súa virtude, vista a Sentenza do 21-01-2010, do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia pola cal se destima o recurso contencioso-administrativo interposto contra a Resolución do 26-11-07 da Consellería de Innovación e Industria, procede aboar en concepto de reintegro de subvención por Axudas de mellora de instalación eléctricas municipais e o fomento da utilización ou produción de recursos renovables nos Concellos de Galicia ao abeiro da Orde do 18 de novembro de 2002, nº de expediente: IN 403ª 2002/2003, na contía de 24.094,67 Euros, con xuros de demora.

Nos termos do art. 173 do R.D.L., 781/86, do 18 de abril as obrigas de pago soamente será exisbles da facenda local cando resulten da execución dos seus respectivos orzamentos, cos límites sinalados no art. 172 do R.D.L. 2/2004, ou a sentenza xudicial firme. Así a Autoridade administrativa encargada da execución aocrdará o pago na forma cos límites do respectivo orzamento. Si para o pago fose necesario un crédito extraordinario ou un suplemento de crédito, deberá solicitar do Pleno un ou outro dentro dos tres meses seguintes ao da notificación da resolución xudicial.

Examinado o vixente orzamento do ano 2010, non existe consignación orzamentaria para efectua-lo reintegro, debéndose proceder a efectuar unha modificación orzamentaria mediante un crédito extraordinario.”

Toma a palabra o Sr. Manuel Cendán Fernández, manifestando que quiere facerlle unha pregunta ó Sr. Secretario, pois el ten algúna información de que algún Concello gañou este recurso, e quería saber se é certo ou non é certo, porque entonces habería que tomar medidas coas persoas que defenden ós Concellos, pois eu teño coñecemento de que hai Concellos que gañaron este recurso.

Resposta o Sr. Secretario, que non ten certeza, o que si que nun escrito da Consellería se fala do Concello de Touro, e noutro escrito que o Concello de Touro recibiu, e noutro se fala do Concello de Teo, pero on ten coñecemento de ningún concello que gañará o recurso, terá que consultalo.

O Concello Pleno dase por enterado.

PUNTO NÚM. 3.- DAR CONTA DA LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO 2009.

Dase conta da Resolución da Alcaldía núm. 100B-10, de data 27 de maio de 2010, que seguidamente se transcribe:

“RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA 100B-10.

Visto o informe emitido pola Secretaría-Intervención, no uso das atribucións que me confire no artigo 191.3 do R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais,

RESOLVO:

1º.- Aproba-la liquidación do presuposto de 2009, que ofrece o seguinte resultado presupostario:

a) Operacións correntes

Dereitos recoñecidos netos	3.900.593,19 Euros.
Obrigaciones recoñecidas netas.	4.632.696,13 Euros.

b) Operacións correntes non financeiras.

Dereitos recoñecidos netos.	2.056.173,92 Euros.
Obrigaciones recoñecidas netas.	1.927.182,66 Euros.

1.- Total operación non financeiras (a+b)

Dereitos recoñecidos netos.	5.956.767,11 Euros.
Obrigaciones recoñecidas netas.	6.559.878,79 Euros.

2.- Activos financeiros

Dereitos recoñecidos netos.	0,00
-----------------------------	------

3. Pasivos financeiros

Dereitos recoñecidos netos	325.642,12 Euros.
Obrigacións recoñecidas netas	156.886,35 Euros.

CALCULO RESULTADO PRESUPOSTARIO DO EXERCICIO

Dereitos recoñecidos netos.	6.282.409,23 Euros.
Obrigacións recoñecideas netas.	6.716.765,14 Euros.
RESULTADO PRESUPOTARIO.	-434.355,19 Euros.

AXUSTES:

4. Créditos gastados financiados con remanente de tesourería para gastos xerais.	46.400,00 Euros.
5. Desviación de financiación negativas do exercicio.	1.106.802,67 Euros.
6. Desviacións de financiación positivas do exercicio.	818.619,95 Euros.
	334.582,72 Euros.
RESULTADO PRESUPOSTARIO AXUSTADO.	-99.773,19 Euros.

2º. Enviar os datos da liquidación do presuposto á Administración do Estado e á Comunidade Autonómica, de conformidade có disposto no artigo 193.5 do R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da lei Reguladora das Facendas Locais.

3º.- Dar conta ó Pleno.

O manda e firma o Sr. Alcalde-Presidente, en Ares a vintesete de maio de dous mil dez."

Acto seguinte dase conta do informe de Secretaria Intervención de data 27 de maio de 2010, en relación coa aprobación da Liquidación do Presuposto Xeral do exercicio económico de 2009, así como do Informe de Secretaria Intervención de Avaliación do cumprimento do obxectivo de Estabilidade Orzamentaria do seguinte teor literal:

INFORME DE SECRETARIA-INTERVENCIÓN DE AVALIACIÓN DO CUMPRIMENTO DO OBXECTIVO DE ESTABILIDADE ORZAMENTARIA.

Con motivo da aprobación da liquidación do orzamento do exercicio 2009, e de conformidade co artigo 16.2 do Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Desenvolvemento da Lei 18/2001, de 12 de decembro, de Estabilidade Orzamentaria, na súa aplicación ás Entidades Locais, emito o seguinte

INFORME.

PRIMEIRO.- As Entidades Locais axustarán os seus orzamentos ao principio de estabilidade orzamentaria entendido como a situación de equilibrio ou superávit computada en termos de capacidade de financiamento de acordo coa definición contida no Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais de conformidade co previsto no artigo 3.1 in fine e 19 do Real Decreto Lexislativo 2/2007, de 28 de decembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Xeral de Estabilidade Orzamentaria.

SEGUNDO.- A lexislación aplicable vén determinada por:

- Os artigos 3.1 in fine e 19 do Real Decreto Lexislativo 2/2007, de 28 de decembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Xeral de Estabilidade Orzamentaria.
- Os artigos 4.1, 15 e 16.2 do Real Decreto 1463/2007 de 2 de novembro polo que se aproba o Regulamento de Desenvolvemento da Lei 18/2001 de 12 de novembro, de Estabilidade Orzamentaria, na súa Aplicación ás Entidades Locais.

TERCEIRO.- Tal e como dispón o artigo 16 apartado 1 in fine e apartado 2 do Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Desenvolvemento da Lei 18/2001, de 12 de decembro, de Estabilidade Orzamentaria, na súa Aplicación ás Entidades Locais, a Intervención Local elevará ao Pleno un informe sobre o cumprimento do obxectivo de estabilidade da propia Entidade Local e dos seus organismos e entidades dependentes.

Este informe emitirase con carácter independente e incorporarase aos previstos no artigo 191.3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Deberáse detallar no informe os cálculos efectuados e os axustes practicados sobre a base dos capítulos de 1 a 9 dos estados de gastos e ingresos orzamentarios, en termos de Contabilidade Nacional, segundo o sistema Europeo de Contas Nacionais ou Rexionais.

CUARTO. O principio de equilibrio orzamentario despréndese da comporación dos capítulos 1 a 7 do orzamento de gastos e os capítulos 1 a 7 de ingresos. O obxectivo de estabilidade orzamentaria identificarase cunha situación de equilibrio ou superávit.

O incumprimento do obxectivo de equilibrio ou superávit.

O incumprimento do obxectivo de equilibrio ou superávit comportará a elaboración dun Plan Económico Financeiro de conformidade co disposto nos artigos 19 e seguintes

do Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Desenvolvimento da Lei 18/2001, de 12 de decembro, de Estabilidade Orzamentaria na súa aplicación ás Entidades Locais.

LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DE INGRESOS.

I	1.137.661,55
II	84.737,03
III	601.385,17
IV	2.069.387,99
V	7.421,45
VI	
VII	2.056.173,92
TOTAL.	5.956.767,11

LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DE GASTOS.

I	2.419.241,20
II	2.044.105,34
III	63.278,41
IV	106.071,18
V	
VI	1.888.749,32
VII	38.433,34
TOTAL.	6.521.445,45

Capítulo I-VII de ingresos – Capítulos I-VII de gastos

Superávit (+)/ Déficit (-) non financiero. – 564.678,34

QUINTO.- A este respecto cabe informar do seguinte resultado obtido:

Con base nos cálculos detallados no expediente motivo do informe incúmprese o obxectivo de estabilidade orzamentaria de acordo co artigo 16.2 do Real Decreto 1463/2007 de 2 de novembro, polo que se aproba o regulamento de desenvolvemento da Lei 18/2001, de 12 de decembro, de Estabilidade Orzamentaria na súa aplicación ás Entidades Locais, debéndose proceder no prazo de tres meses seguintes ó da aprobación ou liquidación do orzamento en situación de desequilibrio, á elaboración dun plan económico- financiero a medio prazo para a corrección que requirirá a aprobación do Pleno da Corporación. A autorización as Entidades Locais para realizar operación de crédito e emisións de débeda, terá en conta o cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria.

En termos SEC/95, cando a suma dos ingresos non financeiros sexa inferior á suma dos gastos non financeiros, a entidade atopase en situación de desequilibrio, é dicir, que a necesidade de financiamento provoca déficit público neste contexto. Tanto a financiamento de inversións reais con endebedamento, como a utilización do remanente líquido de tesourería para financiar gastos orzamentarios, implica desequilibrio en termos SEC/95.

A Disposición Transitoria Cuarta da Lei 22/1993, de 29 de decembro, cuxa vixencia foi prorrogada pola Lei 13/1996, de 30 de decembro engadiu unha cuarta posibilidade, ás que inicialmente viñan establecidas (e que se recollen no art. 193 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TR LRHL), aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, nos supostos de liquidación do Orzamento con déficit, consistente na necesidade de aprobar un plan de saneamento financiero. Pola súa banda, a Lei 18/2001, de 12 de decembro (BOE do 13), Xeneral de Estabilidade Orzamentaria (LGEP), aplicable os Orzamentos cuxa elaboración deba iniciarse a partir da súa entrada en vigor (1 de xaneiro de 2002), dispuxo no seu art. 22 a forma en que as Entidades Locais que non alcanzasen o obxectivo de estabilidade habían de corrixir as situación de desequilibrio. Hoxe, o mesmo precepto, na modificación operada pola Lei 15/2006, de 26 de maio (BOE do 27), e recollido no Real Decreto Lexislativo 2/2007, de 28 de decembro (BOE do 31), que aprobou o Texto Refundido da LGEP, regula a forma de corrixir as situación de incumprimento do obxectivo de estabilidade. En concreto, e polo que aquí interesa, as Entidades Locais que non cumplan o obxectivo de estabilidade. En concreto, e polo que aquí interesa, as Entidades Locais que non cumplan o obxectivo de estabilidade virán obrigadas á aprobación polo Pleno da Corporación, no prazo de tres meses desde a aprobación ou liquidación do Orzamento ou aprobación da Conta Xeral en situación de desequilibrio, dun plan económico-financeiro de reequilibrio a un prazo máximo de tres anos. Plan no que se recollerán as actividades a realizar e as medidas a adoptar en relación coa regulación, execución e xestión dos gastos e dos ingresos, que permitan garantir o retorno á unha situación de estabilidade orzamentaria.

O Plan económico- Financeiro, cuxa aprobación corresponde ao Pleno da Corporación, debe agora necesariamente ser remitido, para a súa aprobación, a o Ministerio de Economía e Facenda, que ademáis será o órgano responsable do seu seguimento, salvo no caso de que a Comunidade Autónoma en cuxo territorio se atope a Entidade Local teña atribuida no se Estatuto de Autonomía a competencia de tutela financeira sobre as Entidades Locais (Xunta de Galicia: Dirección Xeral de Política Financeira e do Tesouro). As características do devandito Plan Foron especificadas no Regulamento da Lei Xeral de Estabilidade Orzamentaria (Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro (BOE de 3 de novembro) nos arts. 19 a 22.

Por circular de 16-04-09 da Dirección General de Coordinación Financiera con las Comunidades Autónomas y con las Entidades Locales, do Ministerio de Economía y Hacienda, se comunica ás Entidades Locais o acordo da Comisión nacional de Administración Local relativo á aplicación flexible da normativa de estabilidade presupostaria, que presenta os elementos esenciais seguintes:

- É plenamente vixente e aplicable a tódalas Entidades ocais.
- O déficit global será do 0,3 % do PIB nacional. A contía anterior equivale ó 4,81% dos dereitos recoñecidos correspondentes ós ingresos non financieros das Entidades Locais, en términos consolidados (utilizando ós últimos datos publicados).
- Por tanto, o déficit máximo ata o que se esixirá a presentación de plans de reequilibrio será do 4,81% dos ingresos non financieros (capítulo 1 a 7 do presupuesto de ingresos), en términos de dereitos recoñecidos consolidados, de cada Entidade Local.
- O criterio anterior será aplicable exclusivamente ás liquidacións dos presupostos consolidados das Entidades Locais correspondentes ó exercicio de 2008.

Dado que o déficit excede do 4,81% dos ingresos non financieros, en términos de dereitos recoñecidos consolidados, de cada Entidade local, é necesario un plan de reequilibrio nos termos descritos anteriormente”.

PUNTO NÚM. 4.- RESOLUCIÓN ALEGACIÓN ORDENANZA VANDALISMO.

Dase conta do informe do Sr. Secretario de data 28 de maio de 2010 do seguinte teor literal:

“ Funcionario que subscribe en virtude do establecido no artigo 54.1.a) do Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, artigo 173.1.a) do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro c 3º.A) do Real Decreto 1174/1987, do 18 de setembro,

EMITE O SEGUINTE INFORME :

ASUNTO : Alegacións B.N.G. a Ordenanza sobre vandalismo en espazos públicos do Municipio de Ares

ANTECEDENTES

Primeiro.- Aprobada con carácter inicial a Ordenanza sobre vandalismo en espazos públicos no Municipio de Ares, e sometida a informazón pública no BOP núm. 69., do 15 de abril de 2010, polo BNG presentase o 7 de abril consideracións e alegacións que no escrito se conteñen.

Segundo. As mesmas foron levadas á sesión plenaria ordinaria do día 26 de maio do 2010, acordando o Pleno que o asunto quedase sobre a mesa e requerindo informe xurídico para volver a ser tratado o asunto na sesión vindeira sesión plenaria do un de xuño dO 201, previo díctame da Comisión respectiva.

Terceiro.- A ordenanza a xuízo do funcionario informante presenta algunas lagunas e inconcrecións se ben aplicaráse o procedemento do réxime xeral da normativa en materia sancionadora. Tamén cabe suliñar —pero que é unha decisión de oportunidade política- que a Ordenanza pode significar unha mera declaración de vontade pola falta de medios para o seu cumplimento, se ben puntualmente servará para sancionar determinadas actuacións contrarias á convivencia e conservación do mobiliario urbano, e servir de instrumento disuasorio ou preventivo.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

É tradicional no derecho municipal que mediante as denominadas Ordenanzas de Policía c Bon Gobernó se regulen aspectos que carecen de tipificación na normativa estatal (Expl. Lei Orgánica 1/1992, do 21 de febreiro, de Protección da Seguridadc Cidadán). Así o Decreto de 17 de xuño de 1955, polo cal aprobase o Regulamento de Servizos das Corporacións Locáis no seu artigo 5 establece : A intervención das Corporacións Locáis na actividade dos seus adinistrados exerceráse polos seguintes medios :

- a) Ordenanzas, Regulamentos e Bandos de policía e bon governo.

- b) Sometemento a previa licenza, e
- c) Ordenes individuais, constitutivas de mandato para a execución dun acto á prohibición de mesmo.

O exercicio da potestade sancionadora esixe a oportuna cobertura legal, que no presente caso é a Ordenanza de Vandalismo na que se tipifican tanto as infraccións como as sancións a imponer.

A carencia da Ordenanza faría cuestionable jurídicamente a posibilidade de sancionar conductas descritas na mesma.

Cabe significar que aplicando as previsións coñudas no Real Decreto 1398/1993, do 4 de agosto, polo que se aproba o Regulamento do Procedimento para o exercicio da Potestade sancionadora, unha vez posta a sanción correspondente, se os infractores non a fan efectiva voluntariamente, pode ser inútil acudir á vía de apremio por canto os xovés non soLEN ter patrimonio propio para proceder contra él, e si ademáis son menores de idade, non cabe esixirla aos pais, pois a sanción non ten carácter de responsabilidade civil, que sin embargo sí responden polos danos e prexuízos causados por éstos con arreglo ao disposto no art. 1903 do Código Civil, seguindo a correspondente vía xurisdiccional, que pode ser civil perante o Xulgado de Primeira Instancia, como a penal, pois non cabe dúbida que o destrozo do mobiliario urbano é un ilícito penal, se trate de maiores ou menores de idade.

Así as cousas, hai que partir do art. 127 da Lei 30/1992, do 26 de novembro LRXAPPAC.

Nun primeiro momento o **Tribunal Constitucional, na Sentenza 132/2001, do 8 de xuño de 2001**, imposibilitou aso Concellos imponer sancións recollidas ñas diferentes Ordenanzas ao non ter cobertura nos criterios sancionadores de ningunha Lei. Esta resoluzón recolle a reiterada doutrina jurisprudencial ditada ata o momento de que no artigo 25.1 da Constitución Española ha sido unha esixencia legal de tipificación dos elementos esenciais das infraccións administrativas e das súas correspondentes sancións.

Así, para superar estas dificultades, a Lei 57/2003, do 16 de decembro de medidas para a modernización do Goberno Local, adicionou dosu novos Títulos, X e XI á Lei 7/1985. Neste senso, o artigo 139 da LBRL determina que "Para la adecuada ordenación de las relaciones de convivencia de interés local y del uso de sus servicios, equipamientos, infraestructuras, instalaciones y espacios públicos, los Entes Locales podrán, en defecto de normativa sectorial específica, establecer los tipos de las infracciones e imponer sanciones para el cumplimiento de deberes, prohibiciones o limitaciones contenidos en las correspondientes Ordenanzas, de acuerdo con los criterios establecidos en los artículos siguientes".

Sobre o réxime sancionador cabe suliñar :

PRIMEIRO. De acordó co establecido no artigo 23 do Real Decreto 1398/1993, do 4 de agosto, polo que se aproba o Regulamento do Procedimento para o Exercicio da Potestade Sancionadora, para o exercicio da potestade sancionadora no suposto de que o órgano competente para iniciar o procedemento considere que existen elementos de xuízo suficientes para cualificar a infracción como leve, tramitarse o procedemento simplificado que se regula no Capítulo V do mencionado Regulamento.

SEGUNDO. A Lexislación aplicable vén determinada por:

- A Lei Orgánica 1/1992, do 21 de febreiro, de Protección da Seguridade Cidadá.
- O Real Decreto 1398/1993, do 4 de agosto, polo que se aproba o Regulamento do Procedemento para o Exercicio da Potestade Sancionadora.
- Os artigos 44, 80 e seguintes, e 127 e seguintes da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.
- A Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

TERCEIRO. De acordó co establecido no artigo 23 en relación co artigo 29 da Lei Orgánica 1/1992, do 21 de febreiro, de Protección da Seguridade Cidadá, por infraccións graves ou leves en materia de espectáculos públicos e actividades recreativas, tenza ilícita e consumo público de drogas e polas infraccións leves tipificadas nos apartados g), h), i) e j) do artigo 26, os Alcaldes serán competentes, logo de audiencia de Xunta Local de Seguridade, para imponer as sancións de suspensión de autorizacións ou permisos que concedesen os Municipios.

Cando non concorran as circunstancias previstas no parágrafo anterior, ñas materias a que o mesmo se retire, os Alcaldes porán os feitos en coñecemento das Autoridades competentes ou, previa a sustanciación do oportuno expediente, proporán a imposición das sancións que corresponda.

Para a concreción das condutas sancionables, as Ordenanzas municipais poderán especificar os tipos que corresponden ás infraccións a sanción da cal atribúense neste artigo á competencia dos Alcaldes, sempre dentro da natureza e os límites aos que se retire o artigo 129.3 de Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico de Administracións Públicas e de Procedemento Administrativo Común.

CUARTO. A competencia para acordar a iniciación e a resolución do procedemento sancionador en materia de protección cidadá corresponde ao Alcalde, en relación co establecido no artigo 10.2 do Real Decreto 1398/1993, do 4 de agosto, polo que se aproba o Regulamento do Procedemento para o Exercicio da Potestade

Sancionadora, en relación co artigo 29.2 da Lei Orgánica 1/1992, do 21 de febreiro, de Protección da Seguridade Cidadá.

QUINTO. De acordó co establecido no artigo 31 da Lei Orgánica 1/1992, do 21 de febreiro, sobre Protección da Seguridade Cidadá, non poderá imponerse ningunha sanción polas infraccións previstas nesa Lei, senón en virtude de procedemento instruido ao efecto e de acordó eos principios de audiencia ao interesados, economía, celeridade e sumariedad.

O procedemento sancionador tramitarase de acordó co establecido na Lei de Procedemento Administrativo.

SEXTO. O procedemento a seguir será o seguinte:

A. A iniciación producirase, por Acordó do órgano competente no que se especificará o carácter simplificado do procedemento e que se comunicará ao órgano instrutor do procedemento e, simultáneamente, será notificado ao procedemento.

B. En virtude do establecido no artigo 24.2 do Real Decreto 1398/1993, do 4 de agosto, polo que se aproba o Regulamento do Procedemento para o Exercicio da Potestade Sancionadora, no prazo de dez días a partir da comunicación e notificación do Acordó de iniciación, o órgano instrutor e os interesados efectuarán, respectivamente, as actuacións preliminares, a achega de cantas alegacións, documentos ou informacíons estimen convenientes e, se é o caso, a proposición e práctica da proba.

No réxime xeral de modo simultáneo, darase audiencia á Xunta Local de Seguridade de conformidade co establecido no artigo 29.2 da Lei Orgánica 1/1992, do 21 de febreiro, sobre Protección da Seguridade Cidadá, non sendo necesario no caso da aplicación da Ordenanza.

C. Transcorrido ese prazo, o instrutor formulará proposta de resolución de conformidade co disposto no artigo 18 do Real Decreto 1398/1993, do 4 de agosto, na que se fixarán de forma motivada os feitos, especificándose os que se consideren probados e a súa exacta cualificación xurídica, determinarase a infracción que, no seu caso, aqueles



constitúan e a persoa ou persoas que resultan responsables, especificándose a sanción que propon que se impoña e as medidas provisionais que se adoptasen, no seu caso, polo órgano competente para iniciar o procedemento ou polo instrutor deste; ou ben proporcione a declaración de non existencia de infracción ou responsabilidade.

D. O procedemento remitirase ao Alcalde para que no prazo de tres días, dite resolución que será motivada e decidirá todas as cuestiós formuladas polos interesados e aquelas outras derivadas do procedemento.

E. A resolución notificarase aos interesados no prazo de dez días a partir da data en que o acto fose ditado, de acordó co establecido no artigo 58 e 59 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Régime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común. A mesma deberá conter o texto íntegro da resolución, con indicación de se en ou non definitivo en vía administrativa, a expresión dos recursos que procedan, órgano ante que houbesen de presentarse e prazo para interpoñelos, sen prexuízo de que os interesados poidan exercitar, no seu caso, calquera outro que consideren procedente.

SEXTO. De acordó co establecido no artigo 24.4 do Real Decreto 1398/1993, do 4 de agosto, polo que se aproba o Regulamento do Procedemento para o Exercicio da Potestade Sancionadora, o procedemento deberá resolverse no prazo máximo dun mes dende que se iniciou.

CONCLUSIÓN

De conformidade co Fundamento Xurídico Sexto da **Sentenza do Tribunal**

Constitucional 16/2004, do 23 de febreiro : "..... *del artículo 25.1 Constitución Española*

derivan dos exigencias mínimas, que se exponen a continuación. En primer término, y por lo que se refiere a la tipificación de infracciones, corresponde a la Ley la fijación de los criterios mínimos de antijuridicidad



conforme a los cuales cada Ayuntamiento puede establecer tipos de infracciones, no se trata de la definición de tipos —ni siquiera de la fijación de tipos genéricos de infracciones luego completabas por medio de Ordenanza municipal— sino de criterios que orienten y condicione la valoración de cada Municipio a la hora de establecer los tipos de infracción. En segundo lugar, y por lo que se refiere a las sanciones, del artículo 25 Constitución Española deriva la exigencia, al menos, de que la Ley reguladora de cada materia

establezca las clases de sanciones que pueden establecer las ordenanzas Municipales; tampoco se exige aquí que la Ley establezca una clase específica de sanción para cada grupo de ilícitos, sino una relación de las posibles sanciones que cada Ordenanza Municipal puede predeterminar en función de la gravedad de los ilícitos administrativos que ella misma tipifica".

Na súa virtude, o funcionario que suscribe informa favorablemente a aprobación da Ordenanza.

Interven o Voceiro de NAL Sr. Luis Cendán Fernandez, quen quere dicir que simplemente están de acordo, que en canto o procedemento igual hai un error, entendeu eu, porque non ven a certificación do rechazo á alegación, estou de acordo non fondo, e o informe do Sr. Secretario ven a ratificar a legalidade da ordenanza, ainda que nalgún párrafo fai alusión a que cos medios que hai agora no Concello efectivizar algúnhha das ordenanzas, non sería posible pero no fondo estamos de acordo que hai que tratar de corrixir, ainda que non son motidos os incidentes que ocorren con respecto a outros Concellos limitrofes pero entendendo, que hai cousas puntuais que hai que corrixir, polo tanto o noso voto vai a ser favorable.

Toma a palabra o Voceiro do BNG, Sr. Rodríguez Doval, manifestando que no Pleno anterior cando debatimos sen concluir, nos centramos a nosa alegación en dous temas, primeiro e un tema de fondo que é a necesidade e a idoneidade, que nos cuestionamos, porque pensamos que non se esta aplicando unha terapia á situación, e polo tanto non deixa de ser unha fuxida cara adiante, e en segundo lugar xa como un dos temas que fixamos na nosa alegación, que era a hipótese de posibilidade ou non de cumprimento por parte do Concello, e dicir ¿ten o concello capacidade e medios para facer un seguimento dunha ordenanza deste tipo e para facela cumplir? E en terceiro lugar fixemos unha referencia explicita, a posible colisión dun dos apartados con dereitos fundamentais, que nos entendemos que están garantizados pola propia constitución, e por outro tipo de leis que afectan ós Dereitos de Reunión, opinión, etc. Etc, no primeiro dos partados que é do tema da hipótese de posible cumprimento, pois efectivamente no apartado terceiro xa se indicou pola persoa que me precedeu, dice o Sr. Secretario que cabe suliñar, que a ordenanza pode significar unha mera declaración de vontade pola falla de medios, para o seu cumprimento, en fin cada un que lea esto como queira pero eso si que non é interpretable, e evidente que algunha reflexión se fai ó respecto, e en segundo lugar eu leín ó informe do Sr. Secretario



durante tres ou catro veces, volvin a leelo despois da Comisión e en ningún momento se entra a debate con respecto a esa posible colisión, que poidera haber cos dereitos fundamentais públicos, teño diante de min os recortes de prensa sobre o debate que houbo sobre unha ordenanza practicamene clavada a esta no Concello de Valladolid, onde algúñ dos aspectos que se reflecten na ordenanza que temos aquí en Ares, como tema de aglomeración de xente, e dereitos de reunión, etc. Etc, poidese colisionar, e máis no caso de Valladolid se anularon dous artigos da ordenanza que tiña inicialmente o Concello de Valladolid, que afectaban precisamente a dereitos de reunión e dereitos báscos, polo tanto claro, facer un informe no que non se toca prácticamente nada, nos deixa na parte do debate que eu non vou a reproducir, porque xa o demos o outro día, en calquera caso é evidente que nas duas cousas en unha delas se nos da a razón porque non vai a haber medios para levala a cabo, e outra delas efectivamente nin siquera se agudiza, o cal deixa entrever de que non resolvemos ese problema e podemos abocarnos a que calquer particular presente unha reclamación por este tema, como pasou noutros casos e que nos atopemos con sorpresas, en calquera si quero dicir o que dixen ó principio deste debate, xao que dixemos no ano 2008, nos o que dixemos que hai que facer, unha política de prevención, unha política pedagoxica, pero efectivamente aquí non se resolve todo con ordenanzas, primeiro porque non se poden cumplir e en segundo lugar nos entendemos que levan á prohibición de dereitos básicos o cumprimento dalgún dos capítulos desta ordenanza, polo tanto como negamos a maior, pensamos que Ares non ten un fenómeno tremendo e abrumador do vandalismo e polo tanto o que hai que facer é que a Policia Local, xunto co resto de Corpos de Seguridade do Estado cumpran as función de vixiancia sobre os bens públicos sobre os dereitos básicos que ten a xente, e non necesitamos ningunha ordenanza específica porque nos non vivimos afortunadamente esa sensación e ademáis digo tamén o que se dixo naquel momento, é contraproducente que intentemos dar unha imaxen de normalidade, porque eu digo que neste Concello agás casos moi específicos, hai unha situación de normalidade, e disponemos de medios para as situación que non son normais, atallallas coas normas que temos, coa Constitución, e cunha policía local ben informada, pero desde logo como xa dixemos no seu momento, cunha policía local más ampla, porque non se pode ser efectivo có número de Policias Locais que temos, con anterioridade, e ese xa é un debate que estamos dando e continuaremos dando.

Toma a palabra o Sr. Manuel Cendán Fernández, manifestando que nos vamos a ser claros e concisos, nos votamos a favor de esto e estamos de acordo en que se aprobé, pero bueno e creo que o informe feito ten algunas lagunas, no pleno anterior tiñamos algunas dubidas que era que se estaba vulnerando algún derecho fundamental creo que neso non se entra no informe, creo que temos algunha dúbida e como vai a sair adiante nos vamos a absternos.

Acto seguinte sometese a votación a desestimación das alegacións e a aprobación da Ordenanza e o Pleno do Concello por 7 votos a favor 5 PSdeG-PSOE, 1 NAL e 1 Concelleiro non adscrito Sr. Echevarría Lage, 2 votos en contra (2BNG) e 4 abstencións (4 P.P.), acorda



rechaza-las alegacións presentadas polo grupo municipal e en consecuencia aprobar definitivamente a Ordenanza, e publicar o texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia.

PUNTO NÚM. 5.- RESOLUCIÓN ALEGACIÓNES REGULAMENTO ORGÁNICO MUNICIPAL.

Dada conta do informe de Secretaria de data 31 de maio de 2010, do seguinte teor literal:

“ O Funcionario que subscribe en virtude do establecido no artigo 54.1.b) do Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, artigo 173.1.b) do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro e 3º.b) do Real Decreto 1174/1987, do 18 de setembro,

EMITE O SEGUINTE INFORME :

ASUNTO : Alegacións B.N.G. á modificación do Regulamento Orgánico Municipal de Ares.

ANTECEDENTES

Primeiro.- Aprobada con carácter inicial a modificación do Regulamento Orgánico Municipal na sesión do día 23 de marzo de 2010 e sometida a información pública no BOP do 26-03-10, polo BNG presentase o 4 de maio seguinte alegacións que no escrito se conteñen.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

En primeiro lugar o funcionario ratifícase no informe de data 11 de marzo do 2010.

O BNG invoca a Sentenza núm. 169/2009, do 9 de xullo, do Tribunal Constitucional, que outorga amparo e declara a nulidade do acordó adoptado polo Pleno da Deputación Provincial de Alicante, na sesión do día 15 de abril de 2004, no que respecta á privación do dereito a votar nas comisións informativas.

A Sentenza é consecuencia do acordó da Deputación Provincial de Alicante, que en aplicación da reforma operada na Lei 7/1985, do 2 de abril, pola Lei 57/2003, de 16 de decembro considerou concelleiros non adscritos e suprimiu o grupo mixto.

No Fundamento xurídico 2, sinala o T.C. que "para apreciar la existencia de una vulneración de los derechos fundamentales de los representantes políticos contenidos en el art. 23.2 CE, es necesario que es haya producido una restricción ilegítima de los derechos y facultades que les reconocen las normas que resulten en cada caso de aplicación. Sin embargo, la vulneración del derecho fundamental no se produce con cualquier acto que infrinja el status jurídico aplicable



al representante, "pues a estos efectos sólo poseen relevancia constitucional los derechos o facultades atribuidos al representante que pertenezcan al núcleo de su función representativa".

Así as cousas, no FJ. 4º, di: "La toma en consideración del régimen jurídico de la Junta de portavoces permite llegar a la misma conclusión respecto de la imposibilidad de formar parte de la misma que para los diputados provinciales no adscritos se deriva de la supresión del grupo mixto, toda vez que ni la Junta de portavoces ejerce competencias decisorias de ninguna clase, ni la participación en ella resulta determinante desde el punto de vista de la actividad de control o de la obtención de información necesaria para el desarrollo del resto de las funciones que pertenecen al núcleo de la función representativa que constitucionalmente corresponde a los diputados provinciales".

No presente suposto, non se restrinxen dereitos ou facultades dos Concelleiros, motivo que podería dar lugar á vulneración do art. 23.2 da CE.

Simplemente decir que o acordó asinado o seu día entre o Ministro de Administracións Públicas —Sr. Sevilla- e os representantes das diversas formacións políticas sobre un código de conducta política en relazón co transfugismo ñas corporación Locáis.

Dito código de conducta política, no parágrafo terceiro di: "...en cuya virtud los derechos económicos y políticos de los miembros no adscritos no podrán ser superiores a los que les hubiesen correspondido de permanecer en el grupo de procedencia, comprometiéndose igualmente a evitar las llamadas plusvalías del disidente".

Na súa virtude, o funcionario que suscribe informa que a presente modificación na medida en que non restrinxen ilexitimamente as facultades dos corporativos, á vista de que o código de conducta política é un mero código de conducta que non foi elevado a rango normativo coa modificación da Lei 7/1985, do 2 de abril, queda a xuízo de oportunidade da Corporación."

Toma a palabra o Voceiro de NAL, Sr. Luis Cendán Fernández, quen manifesta que simplemente quere dicir que este debate ó meu entender foi un debate que se magnificou, eu creo que polo contido, non sei se con tintes de utilizalo políticamente, porque conviña no momento, pero éu en ningún caso lle dín a importancia, que algúns lle diron a este asunto, e vou a facer referencia porque o feito concreto do Concelleiro non adscrito, simplemente é por participar na Xunta de Voceiros, entendendo independentemente do informe no seu momento, pero o sentido común me dicía que por asistir dalgunha maneira ven a reflexar aquí algúns parrofos do informe do Sr. Secretario, que esta situación non ven a deteriorar os dereitos as persoas e cando más dice que a asistencia e estos órganos que non son decisarios, simplemente é información e sobre todo xeralmente para confeccionar á Orde do Día dos Plenos, dicir que o que dí o código de conducta política, dicir que vai pasar a unha situación de mellora con respecto á que tiña, eu non entendo unha mellora do Concelleiro por



asistir a unha Comisión Informativa, a mellora a verdade simplemente se houbera unha prerrogativa que a maiores lle dira esa ventaxa ou ese beneficio, pero por unha asistencia a unha Comisión, cando doutra maneira sabemos que hai unha financiación os grupos políticos establecidos no concello, que si esa parte, ou ese coeficiente por concelleiro non o esta cobrando, polo tanto esa prerrogativa non a ten, polo tanto eu creo que o Informe do Sr. Secretario o ven a decir claro, súa conclusión final di que é unha competencia do Pleno, e o que o Pleno decida, dicir que o meu posicionamento vai a ser o mesmo, que este señor participe na Xunta de Portavoces, e para nada ven o trato do que se lle ven dando como de transfuguismo. Se aplica aquí ó código de boa conducta, e non se entra no fondo do asunto, o Sr. Secretario ven a decir que eso non ten rango de lei, pero todos sabemos que non ten rango de lei, porque non pode ter rango de Lei, incluso os expertos políticos en lexislación non poden darrle outro rango de Lei, porque esta é unha maneira dos partidos de controlar sobre os representantes que están nas súas listas, entonces como sabemos que o debate é de moito más fondo, de moito más calado, creemos que o simple feito que nos concierne aquí, porque así está a xunta de portavoces, eu creo que non hai que darrle maior importancia, polo tanto non me quero extender máis esto daría para moito, e o meu voto vai a ser favorable a que se modifique o regulamento.

Interven o Voceito do BNG O Sr. Rodríguez Doval, manifestando que levamos desde decembro discutindo este tema, non vamos a retrotraer este tema, e canto máis debatimos máis convencido estou de que os portavoces son portavoces dos Grupos e os Grupos son os que hai, non hai máis debate que todo eso, outras disquisicións non veñen ó caso, porque estamos diante dun sistema de listas pechadas, cando vamos nas candidaturas aceptamos que as candidaturas son dos partidos políticos, as persoas que vamos hai nos debemos ós partidos, e é evidente que todos pasamos por situacóns similares a esta, hai que ter certa lóxica, se se asina un acordo que efectivamente fala dun código de conducta, será para cumpli-lo, e o Ministro que asinou o acordo nalquel momento non era do Bloque nin do Partido Popular, entonces o ministro de que asina, lle dará unha certa preponderancia que canto menos os seus cargos nas Corporacóns os cumplan, e como se acaba co transfuguismo, pois con medidas nos Concellos, e unha norma de conducta é que un tránsfuga é un tránsfuga, e non se lle pode convertir do día á noite en portavoz dun grupo político, eso o sabe calquera non fai falla estar no Concello nin estudiar, e un señor que vai nunha lista, e cando ten problemas se ten que buscar a vida, e non os vamos a solucionar nos aquí, e non so os solucionamos senón que o puxemos ó mesmo nivel que eu, ese señor é un portavoz como son eu, na Xunta de Portavoces ten as mesmas prerrogativas que teño eu, que



non sei se son moitas ou poucas, que non se está falando aquí do que podes fazer ou do que cobras, senón de que estas, está nun organismo no que non debía de estar, é evidente que o Sr. Echevarría non pode ser portavoz de nada, porque nin se presentou as eleccións nin ten grupo político e non adscrito é unha eterna contradicción. En segundo lugar, o informe que fai o Sr. Secretario con data 31 de maio, di o que dí, porque separa en algún aspecto a alegación que nos presentamos, porque non entra en outro informe que el elaborou, que teño aquí diane de min que é contradictorio, e que se discuteu aquí nada máis e nada menos que o dia 13 de febreiro de 2007, á luz dunha situación de crise que viveu o anterior equipo de goberno, e outro que elaborou hai tres ou catro meses, que dicia que é a Xunta de Voceiros, e quen forma parte da Xunta de Voceiros, o informe do Sr. Secretario esta ben para respostar á alegación do BNG, esta ben porque esta ben porque non entra, o que dice é que non se restrinxen dereitos fundamentais dos Concelleiros, se a ese señor se lle dan unhas prerrogativas que non tiña con anterioridade, é certo que o estatus dese señor mellorou desde que deixou de formar parte do Partido Popular, incluso ó económico, é evidente que si vamos por hai todos os portavoces e él vai coa calidade de portavoz que ten, cobrará si temos que cobrar, pero no político ten máis, o seu estatus mellorou porque está nunha Xunta de Portavoces na cal non tiña que estar, que pasou que fixemos un percorrido no que primeiro fixemos o despropósito sen cobertura legal, porque o nomeamos portavoz sen modificar o regulamento, e despois fixemos a cobertura legal do despropósito, que co que estamos hoxe aquí, e estamos aquí cun debate, e cando se fixo a reestructuración das Comisións se aprobou por unanimidade, pero unha cousa e eso e outra que este Señor sexa portavoz dun grupo político que non existe, outra cousa é que hai se busquen apoios para sacar adiante outro determinado tipo de proxectos, eu creo que o fin non xustifica os medios, é evidente que o grupo de goberno pode buscar os apoios que queira a nivel político, este grupo de goberno ou calquer outro sempre e cando estén sostentados nun acordo político que este hai agora, porque efectivamente nomeamos a un Señor portavoz, e no Pleno seguinte xa temos maioría para aprobar os orzamentos desde logo non é un camiño moi transparente, e ademáis a mí o que me molesta é outra cousa que ó final o Sr. Echevarría non fala, o nomeamos Portavoz e non quere falar, eu tamen me sinto un pouco frustrado, eu quero que fale, exerza vostede a responsabilidade que ten, incluso houbo un día que se nos dixo aquí no Pleno que non ía ir as reunións dos portavoces, que non lle interesaban, entonces esto é un pouco esperpético, nos somos favorables a admitir a alegación pola Corporación de hoxe e por Corporacións que poidan vir, esto é un exercicio de transparencia e un exercicio tamén ético.



Interven o Voceiro do P.P., Sr. Manuel Cendán Fernández, manifestando que cree que xa está bastante debadito, eu quero dicir unha cousa, que a Lei de Bases é clara e taxane, ningún concelleiro pode mellorar, nin políticamente nin económicoamente, eu creo que eso é taxante, e neste caso eso non se cumpre, dicir como xa dixo o voceiro do BNG que foi esperpético posto que houbo que cambiar o organigrama no Concello, para poder darrle cobertura legal a todo esto, porque era unha ilegalidade manifiesta, porque había un regulamento aprobado, e bueno, a mí o que me extraña que hai uns anos tomabase unha decisión e agora non, e o regulamento esta basado na Lei de Bases e no ROF, que non se quita de nada, so foi para regularizar as intervencións dos Concelleiros, e o resto dos artigos están quitados escrupulosamente da Lei de Bases e do ROF, eso esta claro, a situación política é a que hai, foi unha persoa que perteneceu o grupo do partido popular, eu non vou a perder un minuto nestas cousas, porque xa pasei por outras cousas peores, non vou a perder, eso di de quen é a persoa e menos nesta situación, situación que non conleva con ela, e como dicia o voceiro do BNG ¿Portavoz de que Grupo, ou de quen? Que lexitimidade pode ter unha persoa así, despois entrar no debate de cómo funciona a lei electoral, está claro, os partidos políticos son a base da Constitución, son os pilares da Constitución, hai unha Constitución aprobada, e unha Lei Electoral que está vixente, e son listas pechadas, e o que vai nunha lista dun partido político sabe na situación que vai, aquí en España non hai listas abertas para nada, e cando un non esta de acordo co grupo o que pertenece o que ten que facer é irse para súa casa, e más neste caso, cando non representa a ninguen e non lexítima a ninguen, nos a eso non lle vamos a dar importancia o que nos parece mal, é que se queira aproveitar esta situación por parte do equipo de goberno, porque agora nos tocou a nos e mañan podelle tocar a calquer grupo político, neste caso levamos 30 anos de eleccións democráticas, e o que más incidencia tivo aquí e más problemas tivo foi precisamente o grupo socialista, non vamos a empezar desde que foi Pepe Gil eu lembrome de todo eso, Pepe Gil acabou a lexislatura como acabou, despois viu Rosa e tamén acabaou como acabou, a primeira de Vilasánchez acabou como acabou e a segunda de Vilasánchez acabou como acabaou, nos nunca fixemos fincapé e estábamos a un Concelleiro da maioría absoluta, nunca fixemos utilización desto, eles funcionaron con dous Concelleiros toda a lexislatura e nos estando na oposición con cinco, non fixemos nin buscamos ningunha maioría para impedir que o Concello funcionase, creo que eso esta hai na historia, e o que pedimos e un respeto os demás grupos políticos que cando nos pase a nos teñan ese respeto, que é o que se firmou e como dicia o voceiro do BNG, por desgracia hai concelleiros de todos os cores políticos que se non ven as súas intencións colmadas buscan estas situacións, deixar o equipo de gobernó en minoría ou chantaxear, me das



esto ou non te aprobó. Se fas un repaso na Provincia de A Coruña, se fas un repaso dos Concellos que están colgados con xente así, por eso é evidente que como non se pode cesar a un concelleiro posto que a acta e do Concelleiro, por eso se asinou a ética política, e se asinou o tema ese para que non poidera, evitar todas estas cousas, e o final repercuten na gobernabilidad dos Concellos.

Toma a palabra o Sr. Alcalde, manifestando que non se lle pode negar a ninguen a posibilidade de participación e o que fixemos foi adaptar o regulamento a esa imposibilidade xurídica, adoptamos o regulamento a esa garantía Constitucional que garante o dereito de participación, e os Concelleiros non se lles pode limitar ese dereito á participación, e así e evidentemente cando non se queira que sexa así que modifiquen a Constitución.

Interven o Sr. Rodríguez Doval, manifestando que sí o Regulamento é ilegal debeuse de impugnar cando se aprobou, o Regulamento non contemplaba unha casuística que é a que temos agora, a este señor cando sale da disciplina do seu partido, non se lle está prohibindo nada, este señor ten o mesmo dereito que temos o resto en todos os órganos onde se debate e onde se decide, menos un que é na Xunta de Voceiros, porque non é voceiro, como non é tenente de Alcalde, como non é outras cousas, caer na demagogoxia que se di, “o dereito de participación que ten calquera veciño”, calquera veciño non ten o dereito de participación que teño eu, eu teño más, e ese señor ten más, está todo regulamentado, e esta regulamentado quen é un Portavoz e cales son os dereitos, porque representa un colectivo que se presentou ás eleccións, que ten uns resultados que nos cinco días seguintes as eleccións, nomeu representante, portavoz, etc., etc., eso todo esta na Lei, polo tanto a gran pregunta é ¿de que é portavoz ese señor?, e convertir eso nunha afirmación de que non lle podemos negar os dereitos, ¿Qué dereitos?, se os ten, está nas Comisións, está no Pleno, pode votar a favor, pode votar en contra, ¿Qué dereitos se lle restrinxen?, o que non ten é un Estatus porque el non pode ser Portavoz, porque non pertenece a ningún grupo político, nin se presentou ás eleccións, e tan sinxelo como eso, é total e absolutamente de sentido común, eu non quero entrar no outro Alcalde, porque non podemos aquí falar de persoas que non están, pero se vostede quere convocar un Pleno do que se fixo ou non se fixo naquel momento podemos falalo, eu non vou a falar aquí sobre persoas que non están aquí, pero cada un sabe o que sabe, e lle vou a decir unha cousa, si naquel momento con a non asistencia nese Pleno do día 4 de abril de 2007, con a non asistencia dalgún Concelleiro do Grupo Popular, habendo unha maioría do resto dos grupos que son os que asinamos a solicitude de Pleno, se houbera revocado todo este proceso lle houberamos feito un gran favor á cidadanía, e non o digo eu, que o dice o



Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, polo tanto porque non está aquí a persoa e segundo como dicia Iglesias Corral que en paz descanse, aquí pasou o que pasou e todos sabemos que foi o que pasou, pero creo que non é equiparable en absoluto de aquela concelleiros e concelleiras asimanos un Pleno, os que asistan ou non asistan é outra historia, non asinamos un Pleno con ninguen doutro grupo, e polo tanto cada un é responsable das súas accións, e para míñ o fundamentalmente era evitarle a carga non so a cargo económica senón a carga política que ten que de repente aquí nos atopemos con sete persoas feitas funcionarias pola porta deatrás, por certo o que non dice a sentencia, que o proceso que fixo o Partido Popular estivo ben, o que dice a sentencia é que a Alegación que presentou o Partido Socialista estuvo mal.

O Sr. Alcalde Presidente manifesta que podía presentar unha o BNG, en calquer caso non o fixo e en todo o caso o Partido Socialista intentouno facer ben, polo menos intentouno, en calquer caso e mellor non entrar na polémica de non vivir da Politica, cando efectivamente unha persoa non vive da política, e ten que vivir do seu traballo, pois loxicamente ten que coidar o seu traballo, e eso moitas veces fai que non todos temos a mesma disponibilidade para estar loxicamente aquí, é xa digo loxicamente e esas cosas a parte de ser valoradas parece que á responsabilidade ainda enriba de non facer nada, agora parece que a responsabilidade é porque loxicamente os Concelleiros teñen que velar polo seu traballo, xa que non se dedican profesionalmente á política ó primeiro é velar polo seu traballo e atender a súa familia.

Toma a palabra o Voceiro do PP, D. Manuel Cendán: "Quero facer dous puntualizacións: 1º insistir en que o regulamento e o que pon ahí é legal, e non é certo o que dis ti e que ten a mesma participación nas comisión que os concelleiros do PP como lles correspondía a cada membro: tras comisión e pleno e 2º.- eu non quisen nin reabrir o tema porque era vomitivo e quero pasar desto e canto máis se fale más se van beneficiar outros. E como a min esto non me vai afectar electoralmente pois me da igual; pero mira cando foi anecdótico o outro día no pleno porque a ilegalidade se tomou aquí. O outro día no Pleno cando foi o de cambiar o regulamento claro, se necesitaron sete votos, eu vou recordar aquí e non había que repetir a votación, se votou e ese Sr. se abstivo e ti convenciche a ese señor para que votara a favor e esas foron as túas palabras porque senón, non saía a diante. E ti lle dixeche que votara a favor que xa non se podía levar esa votación porque se necesitaban sete votos e



quedaba decaída. Eu xa nin quero impugnar eso porque é falar desto pero que calou porque non tivo os sete votos quer tiña que ter para cambiar o regulamento”

Toma a palabra o Alcalde-Presidente: “un tema e facer unha votación descoñecendo que se tiña que ter maioría absoluta e él non quería intervir en temas que razonablemente é o seu criterio; está claro que descoñecendo que para a votación se necesitaba a maioría absoluta. O tema está moi claro, lle dimos voltas e as posíóns políticas están contrapostas e non pasa nada, porque cando ven outro goberno, cambia o regulamento orgánico e como dí o secretario e Luís, mentres a lexislación esté así, o outro non é máis que unha declaración de intencións que fai posible a solución que vamos adoptar. E procedemos á votación e en consecuencia desestimamos as alegacións do BNG e propoñemos a aprobación definitiva do Regulamento Orgánico tal e como efectivamente no seu intre, foi modificado. E cando algún día algún concelleiro non se atope representado polo seu voceiro, está claro que o voceiro non falará por él, os voceiros non podemos falar por quen non quiere que o representemos, nós o facemos asumindo as consecuencias e con coñecimento, o concelleiro que considere eso abandoa o grupo e mentres a lei ampara que a Acta é persoal, o partido poderá tomar decisión como expulsalo e listo, que é o que procede.”

Toma a palabra o voceiro do NAL: “Eu Alcalde non quería extenderme pero quería deixar claro que me sorprende o que escoitei por parte dalgún voceiro, como que pouco más que listas pechadas e disciplina prácticamente militar os partidos e que a mesma Lei lle daba aos Concelleiros prerrogativas para participar ao Concelleiro nos asuntos municipais. Creo que a ética nun estado de derecho marca a misma Lei. Si esto non é rango de Lei que se prohíba o transfuguismo, tan claro e rexeitado pola cidadanía e que se transcriba na Lei pero a parte das causas e das inexactitudes que se dixerón par parte dos voceiros, en ningún caso estamos falando dun transfuguismo. Creo que o Alcalde que se nomeou nesta legislatura non mudou nin o signo do goberno ou xunta de goberno, en canto ás decisións que tomou libremente un Concelleiro. O debate é moi sólido e profundo e o límite da ética marca a Lei e deixarnos de hipocresías e chamar as causas como son, que o fagan por Lei, que o tránsfuga que se vaia para casa. Na primeira legislatura democrática era así, o partido tiña poder sobre os Concelleiros e os apartaba e senón que non contemplen a figura do non adscrito, e falamos en función do que aquí nos interesa. O problema é que a Lei electoral coxe, e o din tódolos analistas internacionais e se pon este código ético a modo de convenio entre os dous grandes partidos para que os partidos teñan collidos aos concelleiros, porque interesa. O debate é más profundo e creo no respeto ás persoas e si esto cumple a Lei, pois hai que acátalo. Asistencia a unha comisión non é



nada e aquí ningúén se rasga as vestiduras. Lévalo a un rango que o que se tratou de levar aquí por asistir a unha comisión e darrle o rango de voceiro, él é o seu propio voceiro, se representa a si mesmo, houbo decreto para recoñecelo como grupo, se lle da subvención, non, asiste a alguma comisión, sí e pouco más se representa a sí mesmo, e ti Alcalde mencionache un caso semellante e non o é. Eu en todo intre o vin fora de contexto se quixo magnificar o interés e polo feito de asistir a unha xunta de voceiros esto non é transfuguismo político nin se pode calificar si él libremente e a súa conciencia se pode limitar así e si cree que debe ir á Xunta de Voceiros, a min non me molesta e é un derecho recollido por Lei e eu non vou a limitar a ninguén. O meu voto vai ser afirmativo á proposta do regulamento.”


Rematado o debate o Sr. Alcalde-Presidente: somete a votación o asunto,e o Concello Pleno por 7 votos a favor (5 PSde-G PSOE, 1 NAL E 1 do Concelleiro non adscrito) e 6 votos en contra (4 do P.P. e 2 B.N.G.), acorda a desestimación das alegacións e aprobación da modificación definitiva do regulamento orgánico.

PUNTO NÚM. 6.- ROGOS E PREGUNTAS.

Toma a palabra o voceiro do NAL: “Quería facer dous rogos: o primeiro é pola R/ Concepción Arenal; non sei se víchedes que está nun estado deplorable, hai que procurar para el tránsito porque está moi mal. Logo hai outro temas que xa falamos, incluso o había comentado co concelleiro de servizos, e de feito sí, pedíu o orzamento, había varios referentes á obra de separación de pluviais nos Anxos, que están conectadas ao pozo do saneamento e ven o verán e do olor non se aguanta, e como o expediente xa se iniciou o ano pasado, saber cómo está, porque non había partida e non sei a canto ascendía o orzamento, e agora co verán non se resiste porque ao estar comunicado aopozo do saneamento, e simplemente ainda que non se coloque unha nova; o normal é poner unha tubería nova do pozo das pluviais ás pluviais da Avda de Mugardos, e se non, tapar a saída do pozo das pluviais ao pozo de alcantarillado e ainda que non funcionen esas pluviais pois dar esa solución, son tres metros de tubo, polo menos non dará olor. Esas son as miñas preguntas”

Toma a palabra o Alcalde-Presidente: “Na Concepción Arenal, xa me dixo o Concelleiro de urbanismo que se vai arranxar cosa vais. E logo ó da arqueta, pois para evitar o olor vamos mirar de arranxalo”.

Intervén o Voceiro do BNG:” Tres temas; no último pleno, no paquete de resolución, viña unha a 92-10, con un acorda da Xunta de gobernó para a edición dunha revista e un DVD, por un valor total de 10.187,12 € (Ive engadido). Adxudicado a José Ángel



Fernández Rodríguez. Eu non vira esa revista ese día, a vin con posterioridade e quería formular varias preguntas e unha consideración. 1º.- qué criterios hai para a elaboración da información, é unha revista de información do Concello, do grupo do gobernó ou de propaganda da Alcaldía, porque si un lee a introducción parece unha cousa e si abre o interior xa ve outra.

2º.- qué criterios de austeridade manexa o grupo de governo a respecto da edición destes soportes propagandísticos, nuns intres que estamos nunha situación onde hai que dar exemplo e todo apunta a que o gasto de 10.400 € nun soporte propagandístico como este é excesivo. Eu traballei dous anos no diseño gráfico coñezo ese mundo pouco, porque agora hai tempo que non estou, pero o coñezo directamente e me relaciono con antigos compañeiros que ainda traballan e eu cotxei o último número do anterior equipo de governo, pero se saber o valor dela, e é evidente que tendo en conta que o interior da revista de agora é que a edición se fai en color, nas contas que eu botei, podería ter chegado como moito aos 6.000 euros con todo pagado, maquetación, deseño,... claro, entre 6000 € e 10000 e pico hai un camiño bastante grande para os tempos que corren. Logo quería preguntar qué criterios hai para adjudicar este traballo e corríxeme se non é así, a persoa que traballa no Concello, e o busquei en Internet, Xema Producción, e non parece moi ético que unha persoa que cobra 20.000 das arcas municipais, e se lle encargue un chollo a maiores. Nós vamos a facer unha proposta de que se acorde a paralización cautelar do abono desa revista porque entendemos que hai grande cantidade de cuestións por aclarar e as que están aclaradas non corresponden ao intre político no que estamos.

Outra pregunta é sobre a xuntanza das peñas barcelonistas que se celebrou neste Concello a pasada semana. Eu o primeiro que quero decir é que non me gusta o fútbol, son socio do club de remo, que me gusta o remo, e son do Numancia, por militancia, e si me gustase o fútbol sería más do Barcelona que do Madrid, pero no meu interior. Creo que en todo caso a mi parécmeme que cando se fagan eventos que requieren un posicionamento xa non de traer cartos públicos da institución senón un posicionamiento de apoio explícito da institución, non do grupo de governo, creo que quen está gobernando debe procurar o maior consenso do que se vai fazer e que tódolos grupos sexan coñecedores do que se vai fazer e logo se hai unha situación que implica abono de cartos de todos e todas os cidadáns dos que son do Barsa, dos que non son de nada e dos que repelen o fútbol, deben de haber un soporte que deberá de ser a corporación. Evidentemente eu entereime deste tipo de evento por uns carteis que vin colocados hai un mes, preocupeime por enterarme do tema, consultei webs e sorprendeume que chegáramos ao evento e a corporación non tivera



información no seu conxunto e eu falo polo meu grupo e o BNG non tivo información. Sorprendeume saber que había unha aportación económica e unha recepción institucional e eu formo parte desta corporación ata o ano, e nunca se sabe se ocorrerá algo ou non, pero ate abril do ano que ven sí formo parte e son voceiro dun grupo político e me presentei ás eleccións e teño esa encomenda que deu o meu grupo político e nin se nos convidou a ese acto, que ponía na web do Concello que era institucional e será da corporación. O noso grupo rexeita esta situación. Non son o responsable da organización e as peñas teñen a súa responsabilidade e o Concello as súas eu creo que si hai un acto institucional e o Concello é responsable de que tódolos grupos teñan esa información para que todos podan participar. Eu estou profundamente en contra de que mezclemos as cousas; a peña barcelonista, deportivista e a sociedade hemofílicos e os amigos do can de palleiro teñen todo o seu derecho a facer reunión e que si hai un concello que quere contribuir o faga. Creo que debemos de ter coidado cando misturamos as cousas e convertimos a institución nunha especie de reclamo de algo que no noso interior todos somos, nos gusta un tipo de música, de deporte, pero creo que de ahí a convertir as paredes do Concello, e os pasos e as rúas nun reflexo de algo moi concreto só se fai cando hai un equipo de Ares, nunha modalidade deportiva que gaña e que hai que facerlle un homenaxe e que engalañemos e que poñamos incluso para os que non lles guste e sí que procede. Está xustificado porque é un equipo do noso Concello e alucinei cando vin todo engalanado a Ares e cando non é algo xustificado. As peñas barcelonistas teñen todo o seu derecho a facer o que queiran pero o Concello non é do Barcelona e non é de nada; é de tódolos equipos radicados en Ares e contribuimos. Eu o que quero saber é como se xestou esto; por qué os grupos non fumos informados deste evento. E quero saber todo e todas as achegas económicas que se deriban da facenda municipal que se dirixiron dunha maneira ou outra a apoiar este evento. E xa me estou cheirando a segunda perte e que se faga con máis equipos e isto non é a cociña económica. É un espectáculo lamentable, botando foguetes e utilizar un coche do Concello para anunciar o evento por parte dunha persoa que foi na lista socialista me recordaba a Bienvenidos Mr Marshall e hai que ser más serios. E hai un acordó desta Corporación que se lle decía ao Alcalde que aos actos tiña que convidar a tódolos grupos, e non o fixo aquí, e onte mesmo fixo unha inauguración e asistiron o Alcalde, parte do PSOE e quen inauguros. Eu formei parte de institucións e perfectamente podíanme dar unha patada no cú, cando eu era 1 entre 31 na Deputación e non se fixo, porque hai educación e aquí non a hai."



Toma a palabra o Alcalde-Presidente: "comezando polo da revista Alfolí, evidentemente a vontade do grupo municipal de goberno é explicar coa maior transparencia posible en qué se emplean os orzamentos municipais e en consecuencia enfrentamos unha campaña que non era outra cousa distinta que resucitar unha revista que se editaba aquí da que se imprimiron tres números e imprimimos nós outro máis, o número 3. Nesa campaña de información á cidadanía a través dun órgano que xa existía como a revista Alfolí e explicar o que fixemos nos últimos tres anos. Evidentemente o orzamento para facer esa actuación está recollido no orzamento e senón non se podía levar a cabo e a cantidade que se consignou foi a resultante dunha estimación de gasto, porque cando se fai o orzamento se fai unha estimación. E se imputa nesa estimación o coste do que sería o número 3 da revista Alfolí e se fai unha resolución en comisión de goberno, onde se tramita un contrato menor e se fan as xestións para publicar a revista polo importe estimado que hai no orzamento. Hoxe xa coa revista editada o coste é 2.500 revistas a todo cor, 1896 €, divididos 2500 entre 1896 e non sei si é o precio de cando ti traballabas na empresa de Artes Gráficas porque sae a revista a menos dun euro a todo color e 2500 DVDs, porque a revista leva DVD, e están impresos a color, cunha magnífica calidade que son 4450 € e non chega nin a dous euros o DVD, pero e que o DVD vai na revista nun botón pegado, 2500 botones para meter o DVD 240 euros, en total 7.987,76 €. Vostede dixo que como moito todo costaría 6000, e son 7987. A calidade é magnífica e é moi boa, a todo color. Por suposto lle pedimos orzamento a imprenta local e o teño aquí, que ascende a 4780 € só a revista e o cliente aportará a revista maquetada e lista para ir directa á prancha. É decir que nimygraf nos cobraba 4780 só pola revista e a había que entregar maquetada. A imprenta que a imprimiu ó final, por 2500 uds xa maquetada 1896 euros, e temos que ir ao más barato e sexa quen sexa ou se chame como se chame. Qué más quixera, eu primeiro falei con Eduardo e me deu esa cifra e eu non podo darrlela. 2000 revistas, 500 menos e xa maquetada. Coa maquetación hai un problema porque hai un asesor no Concello que xa cobra e no la faría gratis, a Eduardo se lle ía entregar como él quería porque o faría o noso asesor, porque xa vai no seu soldo e ainda así cobraba 4780, claro frente a 2500 a todo color por 1896 non hai cor, non se lle pudo dar á imprenta local e lóxicamente non foi posible. A eses 1896 euros que valiron 2500 nºs do Alfolí hai que sumarle 2500 DVDs que xa non os fai Eduardo que non traballa niso e hai que facer os 2500 DVDs impresos a todo cor para entregar coa revista e o traballo de coller os DVDs e pegarles o botón e palear 2500 revistas metendo os DVD eso costou 1.90 cada DVD, que son 4750. Entón o prezo total son 6886 más IVE en total 7987, co que non se agota a partida estimada no orzamento e que sería necesaria para esto. En calquera caso as anteriores corporacións fixeron os



números 0, 1 e 2 e ningún Alcalde me deu datos sobre esto. Por suposto esto forma parte dunha decisión dun grupo municipal de dar a coñecer o que fai o seu goberno, é unha parte pequenísima do que se fixo, que foron millóns, o que fixo cada concelleiro na súa área, somos os que gobernamos e explicamos o que facemos, porque é a nosa xestión e a explicamos. No primeiro ano partimos dun orzamento de 6 millóns e executamos 12, e a costa de que estos concelleiros pediron ás portas doutras administración e o explicamos gastando 7000, e dando o traballo ao máis barato se chame como se chame porque a primeira intención foi ir á imprenta do pobo, e con este prezo non podemos ir. É imposible.

En canto ao das peñas barcelonistas hai unha asociación en Ares que é a Peña Barcelonista Aresana que lle plantexa ao grupo de goberno ao Concelleiro de deportes que é a Alcaldía e logo vai a comisión de goberno que é onde aprobamos a aportación económica. Plantexalle facer a XX Concentración de Peñas Barcelonistas en Ares, a plantexa a peña Barcelonistas que é quen a fai, non o Concello. E a Peña pide axuda e di esto vai costar cartos e vale, vamo a cooperar como cooperamos. O clube naútico ou o de remo fan regatas, teñen o seu diñeiro, por certo 6000 € cada un. Todos teñen os seus cartos, a diferencia e que estes clubes o fan todos los anos e reciben os seus cartos, e é a XX Concentración para peña Barcelonista, non vai haber a XXI Concentración. É un feito illado e se vai dar a coñecer o pobo a 300, 400 peñistas que se van desprazar, é un feito illado e coñecen o pobo e poderán vir más coas súas familias e dende facer turismo o vir a comer ou mercar un piso, porque se trata de axudar a dar a coñecer o pobo dándolle promoción, sexan barcelonistas, madridistas ou sevillistas. O que veu o grupo de gobernó, foi traer a 400 persoas a Ares un fin de semana, e viñeron a un acto organizado pola Peña Bercelonista que é que o organizou e é que o invitou e a min me enviou unha carta a peña, pediron unha axuda e se lles de e me invitaron ao acto, como invitaron ao resto dos concelleiros, e me dixo o presidente da peña que as invitacións as fixo él. Ao grupo socialista chegaron e pensó que aos demás tamén. Eu fun invitado e fun como foi o resto invitado pola peña vía carta e evidentemente a peña, non o Concello fixo un programa nuns carteis da propria peña e nese programa figuraba unha recepción por parte do Alcalde, e os recibiu o Alcalde porque no programa poñía recepción por parte do Alcalde e logo o Alcalde a ese acto e a todos fun invitado. A min me din que os invitana todos me quedo tranquilo e quen fai o acto invita. E como o da regata de traineras, canto custa 6000 € e a fai o club de remo pois aquí é a peña barcelonista, fai o seu programa e invita aos concelleiros.



En qué consiste, en que un sábado veñen directivos de peñas, xunto co mundo deportivo e nesa reunión pois se produce unha cea nun establecemento de Ares, podía ser calquera outro, so faltaría que dende a Alcaldía puxeramos o lugar, e foi unha cea nun establecemento. Eses peñistas quedaron a durmir en diferentes establecimentos da comarca, porque Ares non os absorbe a todos, e ao día seguinte non so estaban os directivos senón todos os peñistas e lles ensinamos Ares, os levamos a Santa Catalina, que non coñecían, ás baterías, a Bailadora a ver a ría de Ferrol e logo organizaron unha comida no Pabellón, onde eu fun invitado, non organicei ninguna comida, eu lles din unha subvención económica e logo cando considerei convinte marchei e alí quedaban. Houbo promoción do Concello, 300-400 persoas que viñeron a coñecer Ares e houbo unha iniciativa dunha asociación de vecinos que é a Peña Barcelonista de Ares que como o club de remo, o naútico, o tenis a confraría... tiveron unha axuda do Concello para organizar o seu acto. Colaboramos coas Alfombras florais e non temos por qué ser todos devotos. E dese xeito non temos por qué ser barcelonistas, nin gustarnos os veleros ou o tenis e colabroamos con todos. Se trata dunha iniciativa que plantexa a Peña Barcelonista; eu non xogo ao Dominó e no ano apsado houbo un campeonato en Ares e se lles axudou, e nesa campaña estamos metidos para promocionar o pobo e cómo vamos decir que non a que veñen 400 persoas a unha concentración de peñas ou o día das Alfombras que veñen 400 moteiros e ao día seguinte deixan riqueza no pobo e veñen coas súas familias. Son actos de promoción. Eles viñeron cun programa que cumplieron e se supon que coñecen o pobo e poden vir cando queirán cumplindo o seu programa e efectivamente se fixo segundo ao programa que fixo a peña barcelonista e mañá virá a madridista ou a deportivista se hai asociación no pobo. Se a entidade fora de Narón que o faga Narón, pero en Ares había peña barcelonista e así é non os vai subvencionar Cedeira, se se fai en Ares.

Decidimos colaborar como facemos con outras entidades na organización de eventos que buscan difundir o pobo de Ares, coñece Santa Catalina e pode vir mañá e obtivemos rendabilidade de promocionar o Concello e estamos dispostos a colaborar con calquera outra asociación que propoña un evento razonable, e nese senso decidimos colaborar con eles. E non sei si con esto te contesto, seguramente se me dis más cousas..."

Toma a palabra o voceiro do BNG: "E que non me deu contestación, eu quero que me presente unha factura onde se amose que se poda facer con 1,2 euros cada revista cando 500 carteis en A3 costaban 700 €, cómo van costar o que dís. "



Toma a palabra o Alcalde-Presidente: "Cando se aboe a factura a ensino. E non pon na revista quen imprime"

Toma a palabra o voceiro do BNG: "Cómo se vai creer esto xa que a derradeira que imprimiu o anterior equipo de goberno foi de 3000 € e non era en color, non se cree"

Toma a palabra o Alcalde-Presidente: "Eu que queres que che diga "

Toma a palabra o voceiro do BNG: "A min vostede me contesta e eu lle pido un orzamento onde poña que ese prezo final de revista é de 1.2 € e un DVD verbatín, que sen marca costa 0,30 € é imposible que eso coste 2 € o sabe calquera, as contas non me dan porque non son parvo."

Coidado con matar ao mensaxeiro porque creo que posiblemente estea habendo movimentos que non se teñen que facer metendo a persoal que non se debe de meter neste asunto, polo medio. "

Intervén o Alcalde-Presidente: "Non te entendo Manuel, te expliquei o que preguntache"

Toma a palabra o voceiro do BNG: "dígalle á persoa que está implicada neste, que non ten por qué ir a preguntar á imprenta de Ares si me soplou nada a min"

Intervén o Alcalde-Presidente: "E que o mandei eu."

Toma a palabra o voceiro do BNG: "Pois vostede non ten nada que facer."

Intervén o Alcalde-Presidente: "Eu fago o que considero oportuno e o mandei a pedir orzamento"

Toma a palabra o voceiro do BNG: "Ben sabe vostede o que estou falando, é un asesor que se está pasando das súas facultades, que ande con coidado porque eu teño fío aquí e se queres tiramos, porque este asesor na empresa onde traballa leva facendo choios dende fai anos, con orzamentos superiores ós reais, e todos sabemos por qué."

Intervén o Alcalde-Presidente: Manolo ten coidado, eu un día non te levei a un xuizo por información semellantes e se queres dío outra vez e así te levo a un xuizo, non sei si prescribiu."

Toma a palabra o voceiro do BNG: "Anxo Fernandez, asesor do Concello e Xema Comunicación, a vostede non lle parece unha falta de ética que un asesor que cobra 20.000 € e leve tamén este contrato."



Intervén o Alcalde-Presidente: "Estás equivocado. é increible. Estamos en rogos e preguntas se me preguntas eu te contesto"

Toma a palabra o voceiro do BNG: "Non quero más intermediarios entre vostede e eu. Eu nunca matei un mensaxeiro."

Intervén o Alcalde-Presidente: "Vamos facer unha cousa que é ceñirnos ao Pleno, e ti preguntas e eu contesto. Estou dicindo, e xa falache bastante deixame contestar, que esta persoa como asesor do Concello, executa os encargos, vai ás imprentas que non ten imprenta e para editar a revista él a maqueta porque lle estamos pagando un traballo e él ten que facer ese traballo e logo vai a unha imprenta e pregunta canto costa, nél non ten imprenta, estamos falando daimpresión que a hai que pagar a parte"

Toma a palabra o voceiro do BNG: "Diseño e maquetación: Xema Comunicación Global, eso é Anxo Fernández ou el.

Intervén o Alcalde-Presidente: "Eu non sei si o contrato de asesor que ten é a través da súa empresa ou el. Eso o fai el. E é gratis porque xa se lle paga porque na factura non pon diseño e maquetación, porn impresión, porque o diseño é gratis que a ese asesor xa se lle paga. Entón non insinúes o que non hai, cho pido por favor, pois me pregunats e te resposto."

Toma a palabra o voceiro do BNG: "Non me vale a resposta."

Intervén o Alcalde-Presidente: "Ese é o teu problema. Ahí por imprimíase Fernando. Pois esta é a factura que fixo a impresión, e a maquetación e diseño é de Anxo Fernández."

Toma a palabra o voceiro do BNG: "Normalmente non cobran as empresas que imprimen senón as que fan a maquetación."

Intervén o Alcalde-Presidente: "Anxo fai a maquetación como asesor e xa a cobra e acto seguido lle digo vai a Eduardo para que faga a revista e Eduardo pon un prezo máis caro e lle digo vai a outra imprenta. Imprime a empresa que cobra eses cartos. Él maqueta, eu te digo o que vale esa revista. Diseño e maquetación van no contrato de asesor, impresión, te estou dicindo que se pagou unha factura en imprenta que te darei, e os DVDs son 1.90 cada unidad, son 2.500 e hai que grabarme, que saio eu ao comezo falando, hai que montar tódolos contidos e hai que imprimilo e iso é o que se pagó. Che gustará ou non, pero eu como creo oportuno que en cada casa de Ares



sepan como traballamos. Como a anterior corporación fixo, 0, 1 e 2, e como vosoutros facedes os vosos papeis e os metedes baixo as portas, e recibes do Concello cartos para facelo. Cando sexas Alcalde, explicarás a túa xestión ou queres que o Alfolí o imprimirá o partido socialista. É unha explicación dunha labor de goberno e nese senso utilicei o 0, 1 e 2 e fixen o 3. E as factuas están á túa disposición e a cantidade 7.987,76. Todo. A revista 2500 nºs e DVDs e botón para metelo e iso é o que valeu. E o da Peña Barcelonista xa cho expliquei."

Toma a palabra o voceiro do BNG: "Non porque non sei si aos demáis grupos lles chegou a invitación."

Intervén o Alcalde-Presidente: "Vos chegou, bueno, pois a min sí. Mira che vou decir unha cousa. Non ves a nada. En mil sitios ata as comidas con funcionarios, non ves a nada e me cансo de que me deixen plantado e tes a mala costume de non decir que non ves, e agardando por ti, plato encargado e tivemos que retiralo da mesa en nun Pleno te chamei a atención e te dixen por favor avisa, no 1º ano de Santa Rita pasou e estamos cansados de invitarte e que nos deixes plantados cunha falla de respeto total e absoluta cara quen te convida e o grupo de goberno."

Toma a palabra o voceiro do BNG: "Vostede ten que convidar veña ou non veña, pero ten que convidar."

Intervén o Alcalde-Presidente: "E ti me tes que decir se ves ou non."

Toma a palabra o voceiro do BNG: "Sempre que se dixo que había que avisar eu avisei."

Intervén o Alcalde-Presidente: "Sabes que non é así, non ves a nada."

Toma a palabra o voceiro do BNG: "Me parece unha indecencia que haxa un acto institucional do Concello e que vostede lle pase o marrón á Peña Barcelonista."

Intervén o Alcalde-Presidente: "Non, non. Como me decían a min na anterior corporación, modelo que eu non sigo. Quen está aquí ten a obriga de enterarse de todo, non fai favor ningún, é a súa obriga ir aos actos, ten a sá responsabilidade e non quixo ir, porque a Peña Barcelonista encheu Ares de trípticos e carteis, e me consta que o convidaron, así que a súa responsabilidade non ma descargue a min."

Toma a palabra o voceiro do BNG: "Simplemente lle vou decir que se eu veño aquí e digo que non fun convidado, é que non fun convidade. E non me pode botar en cara nada e eu a vostede sí e está obrigado a saber si estamos convidados, si me invitas



digo sí, ao contrario que vostede teño ido a moitos sitios onde non me invitan. A alguns actos non vai."

Intervén o Alcalde-Presidente: "Eu vou a onde me apetece e cando sinto o cargo sobre a espalda, sábado e domingo e me levanto e vou a onde me invitan, puidendo estar na casa vendo unha película."

Toma a palabra o voceiro do BNG: "Para eso se presentou."

Intervén o Alcalde-Presidente: "Vostede ten que facer o mesmo e aquí non se ven solo a cobrara e hai que estar na rúa cando os vecinos organizan actos, te enteras ou non te enteras, a túa obriga e saber o que pasa neste pobo que o representas. A asociación de peñas barceloniostas me fixeron unha invitación e encantado a acollin e por suposto que o seu presidente e moitos dos seus membros non teñen nada que ver conmigo, nin políticamente, nin conmigo. É a miña obriga atender a tódolos veciños."

Toma a palabra o voceiro do BNG: "Quen falou de política."

Intervén o Alcalde-Presidente: "Eu."

Intervén o Voceiro do PP: "Alcalde teño prisa e agora estades ahí en rogos e preguntas e xa non da mais de sí. Teño que facer unas preguntas que senón me iba."

Intervén o Alcalde-Presidente: "¿Terminache?."

Toma a palabra o voceiro do BNG: "Sí gracias."

Intervén o Voceiro do PP: "Quería facer varios rogos e preguntas, un é que o outro día no acceso ao Colexio detiveron a unha persoa que ía despistada cruzando o paso de peóns e houbo un exceso con eles. Veu falar conmigo o matrimonio. Ía a pé, non en coche. Pepe, hai cousas que ó mellor calquera vai despistado pero ahí lle deu a alta o garda e ela ía falando co móvil e houbo un exceso por parte da Policía Local, lle pedíu a docuemntación a fixeron chorar e estas cousas hai que evitalas e iso lle pode pasar a calquera, cometeu un erro porque pasou co móvil pero ese exceso hai que falalo coa Policía. Viñeron falar conmigo o matrimonio e mási xente e non creo que sexa o único, eso foi sonado e todo o mundo sabe o incidente. Houbo unha amenaza."

Toma a palabra o Alcalde-Presidente: "Da Policía Local. A Policía Local parou unha persoa a pe. ¿E por qué a parou a pe?"



Intervén o Voceiro do PP: "Porque pasou polo paso de cebra despistada falando polo móvil e o garda lle deu o alto, se armou un cristo, parece ser que foi o cabo.

Toma a palabra o Alcalde-Presidente: Pepe sabes algo.

Intervén o Concelleiro D. José Ferreiro: "Sei más ou menos eso."

Intervén o Voceiro do PP: "Eu o que sí sei é que foron falar con él e él dixo que se pasara. A min me viñeron falar e mo dixerón catro ou cinco persoas e todos coinciden no mesmo. Quería facer unha matización ao voceiro do BNG que dixo que o Numancia non é do Concello, e sí é. e ten cartos públicos e é do Concello estamos invertindo para que os nenos de Ares xoguen ao fútbol e temos que apostar porque ademáis é do Concello, e temos que apostar polos nosos nenos. Estamos invertindo ahí e temos a obriga de darñes servicios e darñes oportunidade de que fagan deporte nas nosas instalacións.

E con respecto á revista Alfolí, sí, eu non sei o que nos costou a nós facela e sí falo de memoria e había un prezo de facela en blanco e negro ou en color e a fixemos en blanco e negro porque nos parecía un exceso facela en cor. E estábamos nas vacas gordas e nos parecía que a información se podía dar igualmente en blanco e negro. Outra diferencia que se pode comparar nas tres que fixemos nós, e que non hai un alzamento da figura do Alcalde, e cero que eu non saio en ninguna e saen as fotos das obras, non é un ensalzamento do Alcalde."

Intervén o Alcalde-Presidente: Nas túas revistas non hai fotos miñas, nin de Manolo, e na que se acaba de publicar saes ti e Manolo.

Intervén o Voceiro do PP: "Nas miñas non saio nin eu. E onde saio e que son xestións miñas. E se hai campo de fútbol artificial en Ares é porque esu estaba na deputación e me adientei aos acontecimentos e me adiantei a Fene e Mugardos. Esa é o tema."

Intervén o Alcalde-Presidente: "Quen a executou, as farolas quen as fixo. ¿Non fixen nada?..."

Intervén o Voceiro do PP: "Nada, se ti cando entrache de Alcalde a obra xa estaba feita, non fixeche nada."

Intervén o Alcalde-Presidente: "Se supervisou por esta Alcaldía por Javi e íamos tódolos días a mirar cómo quedaba o firme se fixeron traballos de firme, desaugue de pluviais, farolas, etc. Pero bueno, da igual podes decir o que queiras. Cómo que non é certo. Cómo do Paseo Marítimo..."



Intervén o Voceiro do PP: “E que eu precisamente tiven problemas co Director xeral de Costas e é do meu partido, e tiven que falar cun ministro que falou con Isabel Tocino que foi quen o arranxou e estaba o secretario diante, e nos sacou un mapa de España e nos dic xo a costa que había ahí, e eso foi o paseo marítimo de Ares, e nos decepcinou aquela reunión. Eso cho digo eu, porque eu non digo nada. As previsións do novo goberno son moiis grandes e tiven que usar a vía política para resolver o problema do Paseo Marítimo de Ares.

Quería preguntar tamén polo camiños, que están as máquinas traballando de Medio Rural, Tragsa, ¿qué camiños son?

Intervén o Alcalde-Presidente: “Son en Cervás, camiños en Lubre dende o Penedo ata a estrada de Chanteiro, logo toda a estrada que vai cara o cemiterio de Cervás ata Cova dos Mouros e cara a estrada a Chanteiro. E se diseñou un conxunto de camiños que ó abandoar a xente os labradíos e abandoar as tarefas agrícolas se estaba tapando e había un firme de zahorra que os madereiros destrozaron cos seus camións e se fixo unha actuación moi ambiciosa que non se pudo facer antes porqwe precisou os permisos da Axencia para Protección da Legalidade Urbanística, Patrimonio, polo tema do castro e cando chegaron tódolos permisos ghabía un compromiso de executala en decembro e imaxino que polo tempo, agaradaron a agora.”

Intervén o Voceiro do PP: “Acabades de contratar persoal, como agora esto a comisión non vai, nós o que sí quermos é que nos facilidades o lsitado das persoas que se presnetaron e cales foron seleccionados. A xente que se presentou e foi seleccionada.”

Intervén o Alcalde-Presidente: “É do Plan E. este plan permitía destinar parte da financiación a servizos sociais e estimamosno seu intre que o mellor servizo neste intre era crear emprego e creamos nove prazas de peóns. A oferta ten que ser pública e só xente que te remite o INEM, que remitu 29 currículums e destes entre eu non podo, non quero, non digas nada, estou cobrando unha prestación, entre unas cousas e outras non eran 29 e tivemos que elixir entre moitísimos menos porque hai moita xente que figura no INEM e que non lle interesa traballar e podemos levar os 29 currículums a unha comisión e ver os que foron subvencionados.”

Intervén o Voceiro do PP: “Se asinou xa a resolución das vacaíóns do persoal?. Non.”

Intervén o Alcalde-Presidente: “Sí. A asinei eu.”

Intervén o Voceiro do PP: “Foi a Pleno, xa pasaría.”



CONCELLO DE ARES (A CORUÑA)

Avd. Saavedra Meneses nº 12 - D.P. 15624 - Tef. 981 468 102 - Fax 981 448 299 - RELGA MU-2000/36 CIF. P-1500400 - E

Intervén o voceiro do BNG: "Eu vin unha resolución cun calendario."

Intervén o Voceiro do PP: "Ían ao Pleno."

E non tendo máis asuntos para tratar e sendo as trece horas e coarente minutos do día ó comenzó sinalado polo Sr. Alcalde-Presidente, levantase a sesión de todo o cal eu como Secretario dou fe.

O ALCALDE,

O SECRETARIO,